



No seo do curso sobre competitividade, dirixido por Rodrigo Rato, que a partir de mañá reúne na Cámara galega, a porta pechada, a políticos e xestores públicos de diferentes partidos para buscar fórmulas coas que superar a crise

Directivos de empresas explicarán no Parlamento as fórmulas que empregan para mellorar a competitividade

- **O curso, que se celebra en Santiago coincidindo co Xacobeo 2010, foi acordado meses atrás e ten unha finalidade estritamente académica**

Santiago 20 de xaneiro de 2010.- Directivos de empresas de éxito explicarán, o próximo venres, nun foro organizado polo Parlamento de Galicia e o Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno da Universidade de Alcalá, as diferentes fórmulas que empregan para mellorar a competitividade das empresas que dirixen.

Será no foro sobre “O reto da competitividade da economía española” que mañá se inaugura no Parlamento de Galicia, nun acto aberto aos medios de comunicación, coa participación do director do curso e exvicepresidente do Goberno e exdirector xerente do FMI, Rodrigo Rato.

O resto do curso, no que están inscritos máis de 60 participantes, celebrarase a porta pechada para favorecer o debate de ideas e experiencias, sen importar a procedencia ou militancia ideolóxica de cada un dos participantes. [O departamento de Comunicación do Parlamento de Galicia poderá xestionar as posibles entrevistas de interese para os xornalistas].

O apartado dedicado a analizar casos de éxito empresarial contará coa intervención de representantes de empresas como *Inditex*, *Blusens*, *Sending Transporte Urgente* e *Abengoa*.

Intereses académicos

A decisión de celebrar este curso na sede do Parlamento de Galicia, coincidindo co Xacobeo 2010, foi adoptada meses atrás pola presidenta da Cámara, Pilar Rojo, e só responde a intereses académicos relacionados coa superación da crise económica.

A Presidencia da Cámara informou á Mesa do Parlamento sobre a celebración do curso, información que tamén recibiron os diferentes grupos parlamentarios no seu momento.

Entre eses máis de 60 inscritos atópanse deputados autonómicos, senadores e deputados das Cortes Xerais e altos cargos de diferentes executivos autonómicos, vinculados fundamentalmente ás áreas de economía, industria, presupostos, emprego, medio ambiente ou control de calidade, procedentes de diferentes puntos da xeografía española. Canto ao encadre ideolóxico, entre os inscritos figuran persoas de formacións como BNG, PSOE, PP, UPN ou CIU.

Outras institucións, como o Senado ou parlamentos autonómicos, como os de Madrid, Andalucía, Castela e León ou Castela-A Mancha teñen sido escenario de actividades semellantes en datas recentes.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.